



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

LUGAR: Casa do Concello
DATA: 12 de maio de 2010
HORA DE COMEZO: 20:30 horas
HORA DE REMATE: 21:30 horas.

ASISTENTES:

D. Adolfo Gacio Vázquez
D^a. Adela Redondo Rendo
D. Manuel Mouriño Varela
D. Jesús Sanjuás Mera
D. Jesús J. Santasmarinas Devesa
D. José M^a Fernández Vázquez
D^a. Dolores García Couto
D. José Antonio Becerra Rodríguez
D. José Viaño Rey
D. Perfecto Barcala Mosquera
D. Juan Neira Moure

AUSENTES:

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde D. Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior.**
- 2. Moción en contra da subida do IVE.**
- 3. Información alcaldía.**
- 4. Puntos de urxencia.**
- 5. Rogos e preguntas.**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Co voto a favor de tódolos presentes, apróbase a acta da sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar o día 19 de abril de 2010.

2.Moción en contra da subida do IVE.

Dase conta da seguinte moción presentada polo grupo municipal do partido popular no concello :

“No ano 2009 as contas públicas rexistraron o maior deterioro da súa historia. As importantes desviacións na estimación dos ingresos e os gastos para 2009 poñen de manifesto que o Estado perdeu o control da situación económica e das finanzas públicas.

O Goberno, lonxe de abordar a corrección desta situación de grave desaxuste das nosas contas públicas mediante un proceso de consolidación fiscal centrado no control do gasto público e medidas de austeridade na actuación de todas as Administracións Públicas, presentou uns Orzamentos Xerais do Estado para 2010 que, non só contemplan un aumento do 17% do gasto non financeiro do Estado con respecto aos PGE de 2009, senón que introducen a maior subida de impostos da democracia, facendo recaer integramente a paulatina corrección do déficit público nun hipotético aumento dos ingresos consecuencia da subida de impostos aprobada para 2010.

Tanto a evidencia empírica como numerosos estudos poñen de manifesto que a subida dos impostos ao consumo nunha situación de crise económica como a que reflicten os propios orzamentos do Estado, é unha medida desaconsellable xa que, polos seus efectos negativos sobre o consumo e polo tanto o investimento e o emprego, perxudicará a recuperación económica sen ter apenas impacto na recaudación.

Así, entre outros Organismos, a OCDE avisaba dos efectos negativos que terá para a nosa economía a subida do IVE, e recomendou ao Goberno, no seu informe semestral de Perspectivas publicado en novembro de 2009, que aprázase a subida do IVE a 2011 “a fin de que a economía se recupere de xeito máis sólido”.

Ademais da repercusión negativa que esta subida terá sobre produtos e servizos como roupa, calzado, electrodomésticos, recibo da luz, factura do teléfono, coches, vivenda, alimentación, hostelería, restaurantes, transporte terrestre, os Concellos e as CCAA verán drasticamente diminuída a súa capacidade para contratar obras e servizos que prestan aos cidadáns, e iso sen contar ademais o perxuízo que a subida do IVE carrexará tamén aos proxectos contratados ao amparo do actual Fondo Estatal de Emprego e Sostemento Local. A este recorte haberá que sumar os 3.000 millóns de euros menos que os Entes Locais deixan de recibir por transferencias do Estado para este ano. Con estes datos, as perspectivas económicas dos gobernos locais e os instrumentos para facer fronte á grave situación financeira non farían senón empeorar, o que albisca un panorama verdadeiramente desolador para o segundo semestre deste ano.

Pero, con todo, os grandes perxudicados van ser os propios cidadáns castigados dobremente, na súa dificultade para acceder a bens de consumo básicos e na calidade de prestación dos servizos que reciben do seu Concello.”

A continuación o sr. Viaño di, por un lado, que na maior parte dos seus apartados esta moción preséntase tarde porque hoxe mesmo o goberno aprobou unha serie de medidas contra a crise.

Por outro , a moción abarca dous temas mezclando o incremento do IVE co financiamento dos concellos. Por isto non me parece axeitada.

Ademais,, segue dicindo o sr. Viaño, a situación económica actual obriga a aplicar medidas que xa outros gobernos europeos adoptaron antes. Debemos, polo tanto, imitar esas economías.

O concello, por outro lado, tamén sube as taxas e bastante máis dos dous puntos que sube o IVE.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor dos representantes do P.P. e en contra do P.S. de G. , acórdase :

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno da Nación a deixar sen efecto a subida de tipos impositivos do IVE prevista para xullo de 2010.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno á inmediata negociación cos partidos políticos e asociacións máis representativas do ámbito local, da reforma conxunta do sistema de financiamento e do goberno local, que dote aos Entes Locais dun marco institucional, competencial e financeiro adecuado para facer fronte á difícil situación actual.

TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, á Vicepresidenta Segunda e Ministra de Economía, ao Vicepresidente Terceiro e Ministro de Política Territorial, e aos Portavoces Parlamentarios das Cortes.”

3.Información da alcaldía.

Dase conta dos Decretos desde o día 8 de marzo de 2010 ata o día 7 de maio de 2010.

4.Puntos urxentes.

A) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE Á ZONA DE MARROZOS.

Xustifícase a urxencia deste punto , en que na anterior sesión plenaria aprobouse o convenio para o abastecemento á Lavacolla e necesítase proceder cos trámites necesarios pola empresa Espina y Delfín con urxencia, para proceder como antes co abastecemento á poboación. Por isto, por unanimidade aprobouse a urxencia deste punto.

Explica o sr. alcalde que era necesario coñecer o caudal de abastecemento a Marrozos, a toda a parroquia polo que non se pode incluír coa aprobación do de Lavacolla o cal na

súa cláusula 4 apartado j refire ao caudal máximo a suministrar a rede de abastecemento a Lavacolla de 7 litros/segundos.

O sr Viaño di que non lle parece mal pero insiste en que se ten que ir limitando porque a parroquia de Marrozos chega ata Santa Lucía.

Responde o sr. alcalde que hai de sobra e no caso de que nalgún momento fixera falta para Boqueixón, por suposto o convenio quedaría sen efecto, e así se establece na cláusula 4 apartado b.

O sr. Viaño pregunta por qué saíu na prensa unha noticia dicindo que o prezo polo abastecemento a Lavacolla é o mesmo que a Vila de Cruces.

Responde o sr. alcalde que o convenio, e polo tanto o prezo, é o aprobado no Pleno.

Procédese coa votación e por unanimidade acórdase :

1) Aprobar o seguinte:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BOQUEIXÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE Á ZONA DE MARROZOS “:

En Boqueixón a 10 de Maio de 2.010

COMPARECEN

O Excmo. Sr. D. ADOLFO GACIO VÁZQUEZ, Alcalde-Presidente do Concello de Boqueixón

O Excmo. Sr. D. XOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO, Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela.

Ambas partes teñen e recoñecen ter capacidade legal para formalizar o presente Convenio e, na súa virtude,

EXPOÑEN:

Que o Concello de Boqueixón xestiona de forma indirecta, en forma de concesión, o abastecemento de auga potable da estación de tratamento no lugar de Orto, sendo adxudicataria da mesma a empresa Espina y Delfín, S.L.

Que a citada estación de tratamento de auga potable en unha capacidade de tratamento de 30 litros/seg., 2.592 m³/día, estimándose que a poboación máxima que pode abastecer a planta é de uns 11.700 habitantes con un consumo medio de 220 litros/habitante.día.

Que o número total de habitantes do Concello de Boqueixón é de 4.445 e o actual número de conexións ó abastecemento é de 864.

Que a zona de Marrozos, limítrofe con Boqueixón, non dispón de abastecemento de auga municipal, servizo sen embargo necesario para este núcleo de poboación dese Concello de Santiago de Compostela.

Que o abastecemento de auga do Concello de Boqueixón é un servizo custoso en función do número de usuarios de que dispón e o Concello de Santiago de Compostela, está interesado en compartir este servizo e colaborar proporcionalmente no seu custo.

Que o artigo 81 da Lei de administración local de Galicia (Lei 5/1997), establece como servizo mínimo que deberá prestarse en tódolos municipios, o de abastecemento domiciliario de auga potable, que se prestará por cada municipio individualmente ou asociándose.

Que a Lei 30/1992, L.R.X.A.P. e P.A.C., nos seus artigos 4 e 6 prevé a colaboración entre as administracións públicas, no exercicio das súas competencias e a través de convenios de colaboración.

Que o artigo 3 do RDL 2/2000m que aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, establece no seu apartado c) a inclusión deste tipo de convenios de colaboración no seu ámbito de aplicación.

Polo exposto ambos concellos acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

1º.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto regular o abastecemento de auga ó lugar de Marrozos no Concello de Santiago de Compostela.

2º.- DESENVOLVEMENTO.

A viabilidade do mencionado abastecemento queda fundamentada no proxecto e informes técnicos correspondentes.

3º.- VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa firma e terá unha duración de **5 anos**, que poderá ser prorrogada por acordo expreso de ambas partes sempre que o obxecto inicial do presente Convenio así o aconselle.

4º.- OBRIGA DAS PARTES.

Para o bo cumprimento dos obxectivos do presente convenio as partes comprométense a.

- a) A aportar cada concello o persoal e infraestructuras que requira a correcta execución do presente convenio, dentro dos límites dos seus respectivos municipios.

- b) O Concello de Boqueixón, non poderá suspender, pola natureza do propio servizo, o suministro; en todo caso solo poderá fundamentar en razóns de forza maior (avarías, escaseza de caudal, etc.) ou no incumprimento do convenio a interrupción do mesmo, non tendo o Concello de Santiago de Compostela dereito a reclamación algunha por este motivo.
- c) A forma de pago será mediante factura a trimestre vencido, na que se detallarán os metros cúbicos abastecidos e o prezo aplicado. O impago das facturas, fora do período voluntario de 60 días, será razón suficiente para a interrupción do servizo.
 O prezo por m³ de auga abastecido será de **0,2489 €/m³ (+IVA)**, este prezo será válido durante todo o ano 2.010 actualizándose anualmente en función do IPC interanual a 31 de decembro. Esta fórmula poderá ser revisada con motivo das prórrogas.
- d) As facturacións realizaranse directamente pola concesionaria do servizo público de abastecemento de auga potable. Desta forma a concesionaria do Concello de Boqueixón xirará a factura correspondente ó trimestre vencido, unha vez efectuado o abastecemento de auga potable.
- e) O caudal máximo a suministrar a rede de abastecemento a Marrozos será de 7 litros/setg.

5º.- EXTINCIÓN.

Será causa de extinción da relación obrigatoria o incumprimento por calquera das partes asinantes de calquera das cláusulas que figuran no mesmo, así como o acordo expreso de ambas as partes.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas polo presente convenio por unha das partes, facultará á outra para resolvelo.

6º.- XURISDICIÓN.

As partes someterán as diverxencias que puideran establecerse da interpretación do presente convenio por analoxía ós principios do R.D.I. 2/2000 (texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas) ou no seu defecto ós principios do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas que puideran xurdir na interpretación das obrigas derivadas do presente convenio resolveranse por vía administrativa ou no seu caso, mediante xurisdición contencioso-administrativa.

Unha vez lido o presente convenio e atopándose conforme fírmase por duplicado e a un solo efecto, no lugar e data arriba citados.

POLO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

O Alcalde,

Asdo.: Adolfo Gacio Vázquez

POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Alcalde,

Asdo.: Xosé Antonio Sánchez Bugallo

2) Dar traslado deste acordo ao concello de Santiago de Compostela.

B) ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE SUMIDOIROS E AUGAS RESIDUAIS.

Xustifícase a urxencia deste punto porque :

- 1) Iniciouse a contratación do servizo no mes de xaneiro.
- 2) A primeira mesa de contratación para a apertura dos sobres da única empresa que se presentou foi o 5 de abril.
- 3) Neste mesmo día de hoxe (12/05/2010) volveuse a reunir a mesa coa única finalidade de dar conta do informe emitido polos tres expertos e facer a correspondente proposta ao órgano de contratación. E sendo necesario e urxente iniciar a prestación do servizo, e tendo en conta que hoxe mesmo hai pleno ordinario e que a competencia para iniciar a contratación foi avocada no pleno celebrado o día 13 de xaneiro de 2010, por unanimidade apróbase a urxencia deste punto.

As 20:00 horas tivo lugar a celebración da mesa de contratación, na cal se deu conta do seguinte informe , de data 7 de maio de 2010, asinado polos técnicos don Julio Rojo Martínez , don Jose Ramón Blanco Fernández e don Pablo Blanco Ferreiro no cal se sinala o seguinte :

“ Analizada la documentación presentada por Espina y Delfín S.L., los técnicos que suscriben informan que dicha propuesta cumple los requisitos exigidos en el pliego y por tanto, dado que es la única oferta presentada procede, desde el punto de vista técnico la adjudicación a dicha empresa”.

A mesa de contratación nesta sesión do día de hoxe, 12 de maio, acordou propoñer a adxudicación provisional do contrato á única empresa ofertante, Espina y Delfín, cos votos a favor de todos os seus membros.

Sen embargo os vogais, señor Viaño Rey e dona Elena Suárez din que o incremento previsto para o ano 2012 que é o 15% + IPC, máis o m³ de verquido 0,28 m³, terá que ser aprobado en pleno posto que a modificación das tarifas é competencia do concello a través da tramitación da modificación da correspondente ordenanza.

O sr. Viaño , di nesta sesión do pleno que se mantén no dito na sesión da mesa de contratación e polo tanto os incrementos das tarifas han de ser aprobadas polo pleno.

A isto responde o sr. Alcalde que sí, que terán que aprobarse no pleno no seu momento, pero agora procede adxudicar o contrato á única empresa que presentou oferta.

Por último o sr. Viaño di que hai que revisar os incrementos detectados nos recibos do ano 2009,e para xustificar preséntanse fotocopias dalgúns recibos para o seu estudo. Ao cal o sr. alcalde responde que se farán as pertinentes averiguacións.

Sen máis procédese coa votación e por unanimidade acórdase :

1-Adxudicar provisionalmente o contrato para a xestión do servizo municipal de sumidoiros (rede de colectores e estación de bombeo) e das foxas sépticas e mini

depuradoras de augas residuais do concello de Boqueixón, á empresa Espina y Delfín, de acordo cos seguintes importes :

A. ABONADOS DE SANEAMENTO CON SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO:

a) Durante o ano 2010.

- A empresa cobrará as tarifas que foron aprobadas no pleno do día 9/09/2009 e publicadas no BOP do 6/11/2009:

COTA FIXA

Grupo 1	35 €/ano
Grupo 2	50 €/ano
Grupo 3	75 €/ano
Grupo 4	220 €/ano
Grupo 5	300 €/ano

VERQUIDO

0,05 € / m³

- En canto aos prezos de execución de acometidas, tal como sinala na súa oferta serán:

Zanxa en terra: 345,00 euros / unidade.

Zanxa en asfalto: 372,00 euros/ unidade.

Zanxa en beirarrúa: 409,00 euros/ unidade.

- Non haberá canon a favor do concello nin subvención a favor do concesionario.

b) Durante o ano 2011

- A empresa cobrará o importe das tarifas do ano 2010 incrementadas unicamente polo importe do IPC.

- En canto aos prezos de execución de acometidas serán os mesmos do 2010, incrementado no IPC.

- Non haberá canon a favor do concello nin subvención a favor do concesionario.

c) Durante o ano 2012

- A empresa cobrará as tarifas do ano 2010 incrementadas no IPC, máis o incremento do 15% previa aprobación polo pleno da corporación.

O verquido ascenderá a 0,28 € / m³, así mesmo, previa aprobación plenaria.

- En cantos ós prezos de execución de acometidas serán os mesmos incrementados no IPC.

- Non haberá canon a favor do concello. Tampouco subvención a favor da empresa, se se aproba o incremento proposto pola empresa. Se non se aproba o referido incremento, a diferenza deberá ser aboada polo concello á adxudicataria.

d) Durante o ano 2013 e seguintes ata a finalización do contrato

- Serán os mesmos importes , incrementados no IPC.

B) ABONADOS DE SANEAMIENTO SEN SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO:

TARIFAS ANOS 2010 E 2011: serán as mesmas dos apartados anteriores (Aa e Ab)

TARIFAS ANO 2.012

- Cota fixa:

Grupo 1 (media 10 m ³ / mes)	6,313 € / aboad. mes
Grupo 2 (media 15 m ³ / mes)	7,818 € / aboad. mes
Grupo 3 (media 20 m ³ / mes)	10,328 € / aboad. mes
Grupo 4 (media 25 m ³ / mes)	24,880 € / aboad. mes
Grupo 5 (media 35 m ³ / mes)	32,910 € / aboad. mes
- Sen canon nin subvención se o concello aproba estes importes.

Ano 2013 e seguintes incrementaranse no IPC.

C) ABONADOS CON SUMINISTRO NON PROCEDENTE DA REDE MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO (e consumo moi superior á media do seu grupo)

TARIFAS ANOS 2010 E 2011: serán as mesmas dos apartados anteriores (Aa e Ab)

TARIFAS AÑO 2.012

- Cota fixa (de abonados con servizo municipal de abastecemento) : tarifas ano 2011 + (IPC + 15%)
Verquido: 0,28 €/ m³
- Sen canon nin subvención se o concello aproba os importes no seu momento
- No ano 2013 e seguintes, incrementaranse no IPC.

D) O IPC APLICABLE SERÁ DO MESMO PERÍODO QUE SE ESTÁ APLICANDO NAS TARIFAS POLO ABASTECIMIENTO (SETEMBRO)

2- Que o adxudicatario provisional presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e que constitúa a garantía definitiva de **4.669,08 €** no prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ó do recibo desta notificación e publicación no perfil do contratante.

3- No seu caso a adxudicación definitiva, sempre que se presente a documentación solicitada, realizarase pola xunta de goberno local, órgano ao cal por delegación plenaria lle corresponde esta competencia.

5.Rogos e preguntas.

O sr. Viaño fai os seguintes ROGOS:

1) Fíxose a acometida do saneamento a Lubián e executouse a beirarrúa que está en fronte á maioría das casas.

Rogo que desde o concello se busque a maneira de executar conxuntamente o enganche de sumidoiros a todos os abonados. Son aproximadamente seis abonados que se beneficiarán do cruce e rogo que se faga antes de aglomerar.

2) No presuposto municipal hai unha partida para arranxo de pistas municipais.

Rogo que se arranxen as seguintes pistas de concentración que están moi deterioradas :

- a) A que vai desde a urbanización o Forno ata a igrexa de Lestedo.
- b) A que vai desde o cruce de Castrelos ata a igrexa de Lestedo.
- c) A que vai ata a casa do sr. Ramiro.
- d) A que vai cara Pazos e outras moitas .

Deberíanse reparar pois están todas bastante deterioradas.

O sr. Sanjuás responde que se botará alcatrán e grava a todas.

O sr. Alcalde di, en canto á pista que vai desde a urbanización o Forno ata a igrexa, que esa pista ao final estreitase, polo que se está preparando unha expropiación co fin de ampliála.

Sen embargo, sinálase que a pista que transcorre polo medio dos chalés é privada, polo que se ten que solicitar a cesión ao concello.

O sr. Viaño di que sendo así retira este rogo.

3-Este ano con motivo do ano santo, o Pico Sacro está recibindo visitas varias, polo que se debería promocionar máis ese enclave e telo máis acondicionado.

Polo que rogo que se manteña en perfectas condicións e se faga algo para animar aos peregrinos a subir ao pico para ver as torres da catedral.

O sr. alcalde responde que na xunta de goberno aprobouse un proxecto que se mandou a patrimonio para o seu informe e se pon a disposición do sr. Viaño para a súa consulta.

PREGUNTAS

Pregunta o sr. Viaño que pasou co proxecto de arranxo do campo da festa de Sergude.

Responde o sr. Alcalde que concedían unha subvención de 13.000 euros e como o proxecto ascendía a 80.000 € , o concello renunciou

Di o sr. Viaño que isto ocorreu na época do sr. Feijoo e ao sr. Viaño gustaríalle que retomaran este proxecto.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Vº e pr.
O alcalde